
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 16 DE XUÑO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei do Plan Galego de Estatística 2012-2016.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta de Galicia na Coruña a Belén do Campo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional , se fusionan centros educativos e se cambian ensinanzas.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se crea a comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se regula o Consello Galego de Pesca.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na resolución da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior, para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia para o curso académico 2011-2012.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da modificación e prórroga dos lotes correspondentes á contratación do servizo de comunicacións da Rede Corporativa da Xunta de Galicia, por un importe de trinta e tres millóns setecentos cincuenta e sete mil catrocentos tres euros con cincuenta céntimos (33.757.403,50. euros).
- Acordo polo que se inician os tramites para a integración dos entes que configuran o sector público turístico galego.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio, para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polo importe de seiscentos dez mil oitocentos euros (610.800,00 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de un millón setecentos corenta e un mil trescentos setenta e seis euros (1.741.376,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 23.277 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Ourense a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga dos contratos, mediante concesión, do servizo público de explotación do Centro Residencial de Laraxe, de atención a persoas maiores de titularidade da Xunta de Galicia (Exp. CP 22/05), por un importe total de tres millóns oitenta e tres mil seiscentos setenta e catro euros con corenta e catro céntimos (3.083.674,44 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga dos contratos, mediante concesión, do servizo público de explotación do Centro Residencial de Castro de Ribeiras de Lea de atención a persoas maiores de titularidade da Xunta de Galicia (Exp. CP 21/05), por un importe total de tres millóns setenta mil cincocentos noventa e cinco euros con trinta e cinco céntimos (3.070.595,35 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga do contrato, mediante concesión, do servizo público de explotación do centro residencial de Quiroga de atención a persoas maiores de titularidade da Xunta de Galicia (Exp. CP 7/05), por un importe total de un millón catrocentos sesenta e catro mil catrocentos noventa e sete euros con setenta e seis céntimos (1.464.497,76 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo a 1ª prórroga do contrato de xestión do servizo público, na modalidade de concesión, para a explotación do centro residencial de atención a persoas maiores de Viana do Bolo (Ourense), de titularidade da Xunta de Galicia (Exp.: CP 6/2005), por un importe total de dous millóns oitenta mil douscentos cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos (2.080.252,50 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os titulados en ciclos formativos de acuicultura, que se tramita como gasto financiable para levar a cabo unha actividade elixible dentro do marco do programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2007-2013, por un importe total de setenta e seis mil cincocentos setenta e seis euros (76.576,00 euros).

O NOVO PLAN 2012-2016 AFORRA MÁIS DE DOUS MILLÓNS DE EUROS AO DISPOREN TODAS AS CONSELLERÍAS DE ÓRGANOS ESTATÍSTICOS PROPIOS

- *Galicia será a única comunidade que aprobe os seus plans dentro dos calendarios previstos, sen necesidade de prórroga ningunha*
- *A meta é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado que responda ás demandas de información*
- *Os obxectivos informativos concréntanse en 130 metas e 89 actividades e complétanse con actuacións en demografía, estrutura económica, conxunturas e sector exterior*
- *A planificación por obxectivos evitará duplicidades de estatísticas e permitirá aproveitar as que poidan estar dispoñibles en cada momento*
- *Favorece un uso máis eficiente dos sistemas de información das distintas administracións e a aplicación das TIC nos procesos estatísticos*

O Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016 permitirá un aforro de algo máis de dous millóns de euros respecto do actual, xa que a designación dos órganos estatísticos de todas as consellerías do Executivo autonómico mellorará a eficiencia e o cumprimento dos obxectivos marcados.

Antes de rematar o terceiro PGE 2007-2011, o Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei do cuarto, que se desenvolverá no período 2012-2016, incorporando moitas das alegacións presentadas, co que Galicia será a única comunidade, cando o ratifique o Parlamento, que aprobe todos os seus plans estatísticos dentro dos calendarios previstos e sen necesidade de prórroga ningunha.

Este proxecto de lei, que seguirá agora o trámite parlamentario, ten como obxectivo central o de desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que responda ás demandas de información. Estes fins concréntanse en obxectivos informativos, organizativos e instrumentais.

Como principios de actuación para acadar os obxectivos do plan, na lei figuran expresamente os de economía, aproveitamento das fontes existentes, redución das molestias aos informantes e segredo profesional.

Ademais, no articulado aparecen reflectidas outras boas prácticas, como o interese público, a obxectividade, pertinencia, transparencia, corrección técnica, comparabilidade e puntualidade.

Obxectivos informativos

As actuacións informativas concrépanse en 130 metas e 89 actividades consolidadas e complétanse con catro liñas salientables de actuación: demografía, estrutura económica, conxuntura e sector exterior. Tamén está presente a consideración da perspectiva de xénero.

Con esta norma preténdese mellorar a colaboración institucional, tanto dentro como fóra da organización estatística. A cooperación interna farase moito máis doada grazas á recente creación dos órganos estatísticos das consellerías. Con respecto a externa, hai que salientar as previsións sobre as relacións co norte de Portugal, o Instituto Nacional de Estadística (INE) e o resto da Administración xeral do Estado.

No texto insístese no uso máis eficiente dos rexistros e sistemas de información das distintas administracións públicas e incídese na aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nos procesos estatísticos, algo que redundará nunha relación máis axeitada entre custo e eficacia.

Ademais, empregarase a filosofía de planificación por obxectivos, que permitirá a adaptación aos cambios de escenarios que se presenten no futuro. Trátase de evitar a duplicidade de estatísticas innecesarias e de aproveitar as que poidan estar dispoñibles en cada momento. Igualmente, haberá un seguimento dos resultados e cada actividade deberá ser programada de xeito que sexa avaliable, e isto será tamén de aplicación a todos e cada un dos obxectivos do plan.

O proxecto de lei do vindeiro plan prevé a ampliación da representación no Consello Galego de Estatística aos grupos parlamentarios e a potenciación e normalización do Inventario de actividades estatísticas, un dos instrumentos de planificación máis importantes que xa estaba operativo e dispoñible na páxina web do Instituto Galego de Estatística (IGE). Desta forma, os produtores e usuarios da estatística oficial galega poden coñecer en cada momento o estado da programación.

Planificación

O PGE 2012-2016 afonda na planificación por obxectivos e permite unha programación flexible para acadalos. Isto resulta moi conveniente, pois unha planificación quinquenal rixida non se podería axeitar nin á evolución da situación económica nin aos cambios que se están a producir nos sistemas estatísticos nacional e europeo, nos cales necesariamente se debe articular o galego.

As vantaxes dunha boa planificación estatística para os cidadáns en xeral amósanse a medio prazo. Non obstante, certos colectivos, incluída a administración, pódense

beneficiar a curto prazo dunha información obxectiva e veraz. Unha boa información socioeconómica sobre Galicia favorecerá tamén o investimento externo e a I+D en ciencias sociais, ambientais e territoriais.

BELÉN MARÍA DO CAMPO PIÑEIRO, NOVA DELEGADA TERRITORIAL DA XUNTA NA CORUÑA

- ***Na actualidade exercía de deputada pola Coruña, posto ao cal retornou despois de ser a deputada máis nova da V Lexislatura (1993-1996)***
- ***No período de 1996 a 2008 exerceu de senadora electa pola cidade da Coruña***

A deputada pola Coruña, Belén do Campo Piñeiro, será a nova delegada territorial da Xunta na Coruña substituíndo no cargo a Diego Calvo Pouso. Nacida na cidade da Coruña o 29 de decembro de 1963 e diplomada universitaria en EGB na especialidade de lingua española e idiomas modernos, na actualidade exercía de deputada pola Coruña, posto ao cal retornou despois de ser a deputada máis nova da V Lexislatura (1993-1996). No período de 1996 a 2008 exerceu de senadora electa pola Coruña.

Nestes momentos ocupaba na Cámara o cargo de voceira adxunta na Comisión de Sanidade, Política Social e Consumo, ademais de ser vogal nas comisións de Traballo e Inmigración, de Igualdade e de Discapacidade.

Nesta legislatura foi relatora do proxecto de Lei de seguridade alimentaria e nutrición, ademais de presentar diferentes iniciativas con respecto aos españois residentes no exterior, como a posibilidade de que os españois residentes no exterior poidan dispor de tarxeta sanitaria. Así mesmo, interesouse polo recoñecemento e homologacións de titulacións universitarias e orientación profesional para os españois demandantes de emprego e residentes no exterior así como para os retornados.

Con respecto aos retornados, tamén se preocupou polos convenios internacionais de Seguridade Social e polos convenios e recoñecementos dos permisos de conducir, así como doutras iniciativas sobre consellos de residentes españois no exterior.

A CREACIÓN DE 7 NOVOS CENTROS INTEGRADOS DE FP PERMITIRÁ QUE MÁIS CIDADÁNS POIDAN ACCEDER A UNHA FORMACIÓN PARA O EMPREGO

- *A Consellería de Educación dará así resposta a unha demanda social arredor da FP, creando máis de 1.100 novas prazas en ciclos formativos*
- *Segundo os últimos datos, o 88,8% dos titulados en ciclos formativos acadaron o seu primeiro emprego antes de seis meses*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se crean 7 novos centros integrados de formación profesional (CIFP), o que permitirá crear máis de 1.100 novas prazas para que as cidadás e cidadáns de Galicia poidan formarse para accederen a un posto de traballo.

Deste xeito a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria atende unha demanda social arredor da FP. De feito no curso 2010/2011 matriculáronse nestas ensinanzas 3.714 máis que no 2008/2009, un 10,69% máis; 2.276 matriculados máis que no 2009/2010 (6,29% máis).

Esta iniciativa é unha nova aposta da Xunta de Galicia pola xeración de emprego, a través dunha oferta educativa ampla e flexible nos ciclos formativos, estendendo a FP a distancia ás 4 provincias galegas. Neste sentido cómpre lembrar que, segundo os últimos estudos de empregabilidade, o 88,8% dos titulados nestas ensinanzas obtiveron o traballo antes dos primeiros seis meses de ter rematado o ciclo.

Co obxectivo de impulsar esta tendencia, a Consellería de Educación está a desenvolver unha importante estratexia de posta en valor da FP, unhas ensinanzas que se confirmaron como un sistema de oportunidades para o acceso ao mundo do traballo.

Formación flexible

Nesta liña, a creación dos 7 novos CIFP facilitará que estes centros poidan especializarse nas distintas familias profesionais, ofrecendo unha formación máis completa e con mellores equipamentos, o que permitirá avanzar cara á excelencia. Ademais, a transformación abre as portas a unha nova folla de ruta da FP galega, baseada nunha oferta de ciclos formativos ampla e flexible, que favoreza o acceso a estas ensinanzas da cidadanía interesada.

Nesta mesma dirección, os novos centros integrados farán posible a extensión da FP a distancia ás catro provincias galegas, cun total de 6 ciclos en toda a comunidade. Cómpre destacar as posibilidades que esta modalidade abre para que os estudantes

poidan conciliar a súa vida familiar coa súa formación, e mesmo para a formación continua dos traballadores.

Beneficio social

Segundo o establecido no decreto, o vindeiro curso transformaranse en CIFP o IES Manuel Antonio (Vigo), o Politécnico de Lugo, o Politécnico de Ferrolterra, o Coroso (Ribeira), A Xunqueira (Pontevedra), e o Portovello (Ourense) e o Paseo das Pontes (A Coruña). Está previsto que o vindeiro curso funcionen en Galicia 17 CIFP, que impartirán unicamente ensinanzas de FP, e nas cales se agruparán ciclos da mesma familia profesional ata o momento dispersos en varios IES e poboacións das comarcas.

A Consellería xa se puxo en contacto cos centros educativos para explicarlles que o alumnado da ESO e Bacharelato será colocado en centros da súa contorna, cun desprazamento mínimo, incluso nulo, co que non se causa ningún prexuízo ao alumnado nin ás súas familias.

Respecto dos profesores, tal e como está establecido, o profesorado desprazado ten dereito e prioridade na escollo doutro centro, polo que os docentes que se vexan afectados por esta circunstancia debido á creación dos 7 novos CIFP quedarán dentro da súa localidade.

Deste xeito a transformación en centros integrados suporá un beneficio para toda a comunidade educativa, abrindo as portas a unha oferta de ensinanzas máis completa, ao tempo que atende a crecente demanda social duns estudos cun alto nivel de empregabilidade.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO POLO QUE SE APROBA A MARCA TURÍSTICA DE GALICIA E SE REGULA A SÚA UTILIZACIÓN

- *No texto establécense as pautas para o uso da marca por parte da Administración autonómica e doutras persoas ou entidades. O decreto tamén regula o fomento do uso da marca turística de Galicia.*
- *A Consellería de Cultura e Turismo investirá 1,5 millóns de euros nunha nova campaña de publicidade en televisión que, entre os días 15 e 30 de xuño, continuará co proceso de difusión da marca, 'Galicia, gárdasme o segredo?' de cara ao verán.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe o decreto en que se regula a utilización da marca turística de Galicia para a súa aprobación polo Consello da Xunta. No texto fíxanse as pautas para o emprego da primeira marca turística de Galicia por parte da Administración autonómica e por parte doutras persoas ou entidades. Asemade, o decreto aprobado hoxe regula o fomento do uso da marca turística de Galicia, unha imaxe facilmente identificable que resalta a personalidade da comunidade autónoma e a amosa como destino turístico.

A marca foi presentada publicamente no pasado mes de decembro e protagonizou unha primeira campaña de publicidade tanto no ámbito nacional como galego. De cara ao verán, a Consellería de Cultura e Turismo acaba de poñer en marcha unha nova campaña en televisión, que entre os días 15 e 30 de xuño continuará co proceso de difusión da marca turística, *Galicia, gárdasme o segredo?*.

O texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta pon de manifesto que esta marca dá resposta á necesidade de contar, no eido turístico, cun sinal de identidade que estableza un vínculo emocional con aqueles a que se dirixe e que sexa aceptado por aqueles que representa, os galegos. A marca turística de Galicia combina esta imaxe con todos os valores e elementos simbólicos que Galicia representa e nos cales se sustenta a súa percepción como destino turístico.

O nacemento desta marca ten a súa razón de ser no feito de que o turismo é un sector clave en Galicia, tanto polo seu importante impacto na economía galega, onde representa preto do 10,5% do produto interior bruto (PIB) da comunidade e conta cun índice de emprego do 10,3% da poboación empregada, como no eido social, onde Galicia se presenta ao mundo cunha imaxe renovada, respectuosa coas tradicións e co pasado, pero mirando para o futuro e os retos que se presentan. Neste contexto, a Xunta de Galicia aposta polo crecemento e a calidade dun destino único e singular,

un multidestino de posibilidades nos principais segmentos de mercado: rural e de natureza, náutico e mariñeiro, termal, gastronómico, cultural, etc.

Por estas razóns, Galicia precisaba contar cunha imaxe identificable, que resaltase a personalidade da comunidade autónoma e a amosase como destino turístico. Esta marca serve para poder desenvolver unha estratexia de promoción a través dunha imaxe forte que posicione Galicia no mercado nacional e internacional. A marca gráfica resultante reconece os sinais de identidade da comunidade galega e diferénciala dos competidores.

O proceso de creación da marca seguiu a metodoloxía rigorosa de traballo de campo para traballar tanto o slogan como a grafía da marca e a súa estética en función dos valores emocionais que Galicia evoca aos turistas que xa a coñecen, aos propios galegos e galegas e aos que só oíran falar da comunidade sen teren estado nela. Todo este traballo sentou os cimentos para que, mediante un concurso público, se chegase ao resultado presentado xa publicamente e que xa foi obxecto de promoción a nivel nacional e internacional.

Usos da marca

En virtude do decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, que está acompañado do manual básico da marca, establécese que os departamentos da Xunta de Galicia, organismos autónomos as axencias públicas autonómicas, as entidades públicas empresariais, os consorcios autonómicos, as fundacións do sector público autonómico e as sociedades mercantís públicas autonómicas empregarán a marca turística como elemento adicional á identificación corporativa da Xunta. Para a aplicación da marca en todas as súas accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas, tomarán como referencia as indicacións que se establecen no manual básico.

Asemade, nas súas relacións de colaboración con outras administracións, a Administración autonómica galega deberá exixir, sempre que o seu obxecto o permita, que se faga constar a marca turística de Galicia.

O emprego da marca turística por parte de persoas físicas ou xurídicas, así como por parte de outras entidades ou institucións, requirirá solicitude dirixida á Sociedade Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia), que é a competente para outorgar as correspondentes licenzas e autorizacións. Estes permisos outorgaranse con suxeición á normativa vixente en materia de propiedade intelectual e industrial.

Por último, no decreto tamén se establece que a Administración autonómica fomentará o emprego da marca turística de Galicia por parte das entidades locais

galegas, instándoas a solicitaren a autorización pertinente para o seu uso en todas as actuacións que desenvolvan no exercicio das súas competencias.

Campaña de verán

A marca foi presentada publicamente o pasado 15 de decembro na Coruña e púxose en marcha unha campaña de publicidade tanto no ámbito nacional como no galego. Despois desta vaga, a Consellería de Cultura e Turismo, a través de Turgalicia, da Secretaria Xeral para o Turismo, desenvolve entre os días 15 e 30 de xuño unha campaña de publicidade nos medios de comunicación audiovisuais de maior audiencia de Galicia e o resto de España co obxecto de, por unha parte, lembrarllles aos propios galegos que Galicia é un dos mellores destinos turísticos españois para pasar as vacacións estivais, e por outro, inducir a poboación do resto de España para que elixa Galicia como destino do seu tempo de lecer este verán.

Con esta campaña, buscábase manter o posicionamento turístico da imaxe de Galicia no eido español, así como incidir na toma de decisión dos que aínda non elixiron o seu destino vacacional e continuar co proceso de difusión da marca turística, *Galicia, gárdasme o segredo?* entre o público xeral español, que para o turismo galego supón o 85 por cento da súa demanda.

Estratexia

O obxectivo fundamental desta campaña de promoción é o de chegar o máis directamente posible ao maior número de cidadáns galegos e do resto de España con capacidade económica para viaxar, de acordo co orzamento previsto, 1,5 millóns de euros. Está previsto que o 70 por cento desta acción publicitaria se financie con achegas da Unión Europea a través dos fondos FEDER.

Con esta premisa, o xeito máis directo e rápido para achegarse ao público obxectivo destas accións é a través dos medios de comunicación, e, dentro destes, o que conta con máis cobertura é a televisión, que se achega a máis do 90 por cento dos fogares españois. Deste xeito, entre os días 15 de xuño e 30 de xullo, emitirase un spot de 30 segundos nas cadeas de televisión xeralistas con máis audiencia de España e, paralelamente, na Televisión de Galicia un spot de 45 segundos.

Polo que respecta á creatividade desta campaña, os spots que se emitirán nas principais televisións xeralistas de España e Galicia entre os días 15 e 30 de xuño, manteñen a mensaxe e o reclamo da marca *Galicia, gárdasme o segredo?*, do mesmo xeito que na campaña emitida en decembro de 2010 logo da presentación da nova marca turística da comunidade galega.

En canto ao plan de medios, para cubrir os obxectivos desta campaña, cabe salientar que se emitirán máis de 200 pases dos *spots* nas televisións xeralistas de Galicia e o resto de España, coa emisión estimada de 554 grps.

Máis do 40 por cento dos pases desta acción publicitaria en televisión serán emitidos en horario de máxima audiencia. Ademais, arredor dun 20 por cento dos pases do spot serán posicionados, o que significa que estarán colocados estratexicamente nos bloques publicitarios en que se emitan para chegar máis directamente ao público obxectivo do turismo galego. Esta creatividade e o plan de medios farán do turismo galego un dos mellores e máis promocionados de España para a tempada estival de 2011, á vez que Galicia afonda na difusión da súa marca turística.

A XUNTA CREA A COMISIÓN PARA O SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA 2010-2013

- *A Comisión velará pola permanencia e eficacia das actuacións contempladas no documento, verificará o grao de execución e promoverá as modificacións que procedan co fin de reconducir, de ser o caso, os obxectivos deste plan*
- *Nesta comisión, e seguindo o carácter transversal desta ferramenta, tomarán parte todas as consellerías da Xunta de Galicia, ademais doutros representantes de entidades sociais, universidades, CRTVG e organizacións sindicais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación dunha comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade en Galicia 2010-2013, dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

A finalidade é efectuar o seguimento e avaliación periódica das diferentes actuacións contempladas no plan, durante o seu período de vixencia, co obxectivo de garantir a súa permanencia e eficacia, verificar o grao de consecución destas e promover as modificacións ou medidas que procedan, co fin de reconducir, se fora o caso, os obxectivos específicos deste plan. A primeira reunión da Comisión prevese para o mes de setembro.

Entre as súas funcións destaca o impulso ao desenvolvemento das actuacións e a consecución dos obxectivos específicos previstos no plan nos diferentes ámbitos de actuación en que este se vai desenvolver; propoñer novas actuacións, así como a reformulación ou reprogramación das contempladas no plan nos casos que proceda; ou aprobar as modificacións no sistema de indicadores previsto no plan asociado ás diferentes actuacións, a proposta de cada departamento e entidade implicada no seu desenvolvemento.

Así mesmo, inclúe outras como facilitar a información relativa ao grao de consecución das actuacións, a través dos indicadores previstos no plan e asociados ás diferentes actuacións, no ámbito de cada departamento e entidade implicada no seu desenvolvemento, coa finalidade de elaborar os correspondentes informes de seguimento e de avaliación; dar conta do seguimento e avaliación do plan así como do grao de consecución dos obxectivos previstos, con base nos informes anuais que se elaboren ao respecto; e propoñer, se fora o caso, a creación de grupos de traballo sobre aqueles asuntos en que, pola súa complexidade ou especificidade, así se requira, coa composición, funcións e duración que en cada caso se determine.

Na súa composición inclúense representantes de todas as consellerías da Xunta de Galicia, así como das secretarías xerais para o Deporte, de Medios, de Emigración, Igualdade, e de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Tamén haberá un representante do Instituto Galego de Vivenda e Solo, da Escola Galega de Administración Pública da Compañía Galega de Radio e Televisión de Galicia, e das tres universidades galegas. Finalmente, completarán a comisión tres representantes como máximo do CERMI Galicia, e ata catro persoas en representación das organizacións sociais integrantes da mesa do Diálogo Social.

O primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia configúrase como o instrumento para garantir unha intervención eficiente, eficaz e coordinada para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias, que acentúe a súa inclusión e a plena participación na sociedade, conforme á Convención europea sobre dereitos das persoas con discapacidade.

O plan estrutúrase en 10 áreas temáticas, nas cales se recollen 300 actuacións a desenvolverán ao longo do seu período de vixencia (anos 2010 a 2013), orientadas á consecución de 38 obxectivos distintos.

O CONSELLO APROBA HOXE O DECRETO QUE ESTABLECE A ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CONTROL LEITEIRO OFICIAL EN GALICIA

- *Trátase dun instrumento esencial no desenvolvemento dos esquemas de selección xenética do gando de leite bovino, ovino e caprino*

O Goberno Galego aprobou hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural que establece a estrutura organizativa e funcional do control do rendemento leiteiro oficial para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido polo Real decreto 368/2005.

O control oficial de rendemento leiteiro é un instrumento esencial no desenvolvemento dos esquemas de selección xenética do gando de leite, por canto determina o valor produtivo dos animais; así como a recolla de información de validez para a súa incorporación aos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas.

Con este decreto désígnase as asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro (AFRICOR) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra como Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL), o cal actuará como unidade de coordinación e xestión da execución en Galicia deste control. Contará tamén coa participación e asesoría da Federación Frisoa de Galicia (FEFRIGA), como ente recoñecido para a xestión do libro xenealóxico.

As funcións do CEGACOL alcanzarán exclusivamente as materias de control leiteiro vinculadas coa avaliación xenética das especies bovina, ovina e cabrúa..

Comisión de seguimento

A Comisión Galega de Control Leiteiro Oficial será o órgano colexiado de control e seguimento da actividade do CEGACOL. Este órgano estará presidido polo director xeral competente en materia de producións gandeiras; como vogais estarán o director do LIGAL, os presidentes das AFRICOR provinciais, o director de Xenética Fontao e o presidente de FEFRIGA. Esta comisión reunirse de forma ordinaria unha vez cada ano, podendo ser maior o número de xuntanzas por petición do presidente ou da metade dos vogais.

As funcións da comisión serán supervisar o funcionamento do Centro Galego de Control; velar polo cumprimento da normativa e supervisar a estrutura e funcionamento das bases informáticas que conteñan os datos do control leiteiro. Así mesmo, este órgano analizará os custos do control leiteiro e os posibles sistemas de financiamento.

Réxime de axudas

O departamento que dirixe Samuel Juárez subscribirá os oportunos convenios coas asociacións de control leiteiro provinciais. A distribución de fondos realizarase sobre a base de lactacións finalizadas.

A CONSELLERÍA DO MAR DÁ ENTRADA Á FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS E Á PESCA MARÍTIMA DE LECER NO PLENO DO CONSELLO GALEGO DE PESCA

- ***O Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de decreto que regula o seu funcionamento e a súa composición, reducindo o número de comisións sectoriais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que regula o Consello Galego de Pesca (CGP) elaborado pola Consellería do Mar, que contempla as súas funcións e regula a súa composición. A Consellería do Mar considerou conveniente revisar a estrutura deste órgano de asesoramento dada a experiencia adquirida durante os anos de funcionamento, mediante unha reformulación e simplificación das diferentes comisións sectoriais que o compoñen, que pasan de 15 a 10.

Outras das novidades deste documento é a entrada da Federación Galega de Confrarías no pleno do Consello. A anterior composición non recollía este órgano, xa que foi creado con posterioridade. Así, coa entrada en vigor da nova composición haberá dous representantes da federación Galega de Confrarías e dous por cada federación provincial. Tamén se incorpora ao pleno unha representación da pesca marítima de lecer no pleno de Consello, un membro da pesca en superficie e outro da pesca submarina tal e como demandaban estes colectivos.

O Consello Galego de Pesca é un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos asuntos da pesca, marisqueo e acuicultura. Estrutúrase en dous órganos, o pleno, con 55 membros entre presidente, vicepresidente e vogais, e as 10 comisións sectoriais en relación cos temas específicos de cada área, cunha media de 13 membros.

O CGP colabora coa consellería na elaboración da planificación pesqueira, marisqueira e acuícola e na programación de estudos sobre as distintas actividades que poidan favorecer o desenvolvemento do sector pesqueiro galego. Ademais, entre as súas funcións están estudar e propor as reformas que considere precisas na regulamentación con incidencia no sector pesqueiro galego e achegar suxestións respecto das políticas que afecten o sector no seu conxunto.

O GOBERNO GALEGO MANTERÁ AS BOLSAS DE ESTUDOS PARA ESTUDANTES DA DIÁSPORA

- ***A Secretaría Xeral da Emigración pasa a asumir o financiamento do programa, ata o de agora compartido con outros departamentos autonómicos***

O Consello acordou autorizar a adquisición de compromisos de gasto plurianual, por parte da Secretaría Xeral da Emigración, para facer fronte ao programa de bolsas destinadas aos cidadáns galegos no exterior, co fin de que realicen estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios, e estudos de formación profesional durante o curso académico 2011-2012. O acordo contempla como novidade que a Secretaría Xeral da Emigración asume o orzamento do programa, ata o de agora compartido con outros departamentos autonómicos.

Cada beneficiario, cando estea matriculado nalgunha das tres universidades galegas, ou nalgún centro de formación profesional da Comunidade Autónoma, recibirá unha axuda anual de seis mil euros, cos que deberá afrontar todos os seus gastos persoais de aloxamento e manutención, ademais dos de matrícula e gastos en material académico. Só durante o primeiro ano de matrícula en Galicia percibirá un complemento –un pagamento único doutros mil euros- para a viaxe de inicio de curso.

No caso de que o beneficiario curse estudos por sistema de intercambio (é dicir, que o título se expida finalmente pola universidade de fóra de Galicia), a contía rebáixase ata catro mil euros se os estudos a cursar son unicamente para un cuadrimestre, se ben o destinatario pode igualmente gozar da axuda inicial de mil euros para viaxe.

As bases da convocatoria estipulan que un 30 por cento da contía anual da axuda se embarga ata final de curso, de maneira que só se percibe no caso de que se teña aprobado, por parte do beneficiario, polo menos a metade dos créditos en que se matriculou. Igualmente, para a renovación de axuda no cursos subseguintes, deberá ter superado polo menos o 70 por cento deses créditos.

Ata o de agora, cada curso, arredor dunha trintena de mozos e mozas, na súa inmensa maioría fillos ou netos de emigrantes galegos na diáspora, se beneficiaron deste programa. A intención do Goberno galego é manter e, na medidas das posibilidades presentes e futuras, fornecer esta iniciativa, polo que significa de reforzo das ligazóns entre a Galicia territorial e a do exterior, neste caso a través do intercambio de saberes e coñecementos.

A XUNTA RENEGOCIA O CONTRATO COS OPERADORES R E TELEFÓNICA PARA ESTABLECER UN PLAN DE MELLORA DAS TELECOMUNICACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *Co mesmo importe que o contrato anterior, 34 millóns de euros, conséguense os investimentos para mellorar a rede de telecomunicacións que dá servizo aos 3.000 centros da Administración pública*
- *Crearase, sen gasto adicional, un dobre anel de fibra óptica entre o Centro de Proceso de Datos Integral do Gaiás e os CPD de apoio de San Caetano e Conxo*
- *Esta infraestrutura conta coa tecnoloxía máis punteira que permite as maiores velocidades e facilitará a disposición dun adecuado sistema de apoio ante posibles incidencias*
- *Refórzanse as liñas de datos en xulgados e centros educativos e integranse na rede corporativa aqueles que non estaban incorporados*
- *Trátase de melloras fundamentais para garantir o funcionamento dos servizos públicos dixitais da Administración autonómica*
- *Para desenvolver estas actuacións R realizará un investimento de 3,5 millóns de euros equivalente ao 18% do que está a facturar actualmente á Administración autonómica*
- *Telefónica investirá 900.000 euros, o que supón o 21% da súa facturación actual á Xunta*

A Xunta de Galicia vai implantar un plan de mellora das comunicacións da súa Rede Corporativa tras renovar e renegociar cos operadores R e Telefónica os contratos dos servizos de telecomunicacións que están a prestar ambas as empresas á Administración autonómica. A prórroga dos contratos con ambos os operadores, por un período de tres anos, ten o mesmo orzamento que o contrato anterior de 34 millóns de euros pero incorpora uns investimentos de case 4 millóns de euros para mellorar a dispoñibilidade e seguridade da rede de telecomunicacións que dá servizo aos 3.000 centros da Administración pública.

Segundo o documento de modificación de prórroga, aprobado hoxe no Consello da Xunta, ambos os operadores incorporan importantes vantaxes económicas e técnicas nos servizos ofertados e un paquete de melloras fundamentais para garantir o funcionamento dos servizos públicos dixitais da Administración autonómica, reforzando áreas como a xustiza e a educación.

Para realizar estas actuacións os operadores realizarán uns investimentos de máis de 3,5 millóns de euros no caso de R Cable, e máis de 900.000 euros no caso de Telefónica. Estas cifras supoñen unha porcentaxe do 18% do que está a facturar actualmente R á Administración autonómica e do 21% no caso de Telefónica.

Dobre anel de fibra óptica

Entre as medidas que se desenvolverán sen custo engadido para a Administración autonómica, está a creación dun dobre anel de fibra óptica entre o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), que se está a construír na Cidade da Cultura, e os CPD de San Caetano e Conxo, que actuarán de centros de apoio do CPDI. Deste xeito, a Administración autonómica contará cunha infraestrutura punteira para garantir a continuidade dos servizos ante posibles incidencias no CPDI. Outra das actuacións que se acometerán sen gasto adicional será o traslado de todos os servizos de telecomunicacións do actual CPD de San Caetano ao novo CPDI do Gaiás.

Cabe subliñar tanto as vantaxes derivadas polo traslado sen incremento de custo da infraestrutura de telecomunicacións á Cidade da Cultura, como ás acadadas na concentración de servizos fundamentais posibilitarán o aproveitamento mais eficiente dos recursos tecnolóxicos. Deste xeito o CPDI será a peza tecnolóxica de referencia no ámbito das relacións electrónicas entre os cidadáns e a Administración autonómica.

O Centro de Proceso de Datos Integral dará servizo a preto de 2,8 millóns de cidadáns; máis de 1.260 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia así como a 91.000 empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e incluso a outras entidades públicas como deputacións, concellos ou universidades.

Melloras en Educación e Xustiza

Outras melloras importantes no marco da renovación do contrato do servizo de comunicacións é a creación de liñas de apoio de datos en 21 xulgados e en 50 centros integrados no Proxecto Abalar. Ademais, integraranse na rede corporativa 125 centros educativos públicos así como 15 xulgados que non estaban incorporados.

Ademais, ampliarase o largo de banda de todas as liñas de cable, que pasarán de 12Mbps de baixada a 15Mbps e integraranse na rede corporativa a telefonía de todos os xulgados que non estaban integrados

O CONSELLO DA XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA UNIFICAR NUN ÚNICO ORGANISMO A SECRETARÍA XERAL DE TURISMO, TURGALICIA, A S.A. DO PLAN XACOBEO E O INSTITUTO DE ESTUDOS TURÍSTICOS

- *Servirá para que a Administración autonómica conte cunha única estratexia para a promoción de Galicia como destino turístico de referencia nacional e internacional*
- *Este é o mellor momento para abordar a reorganización da estrutura turística galega, despois de que o Ano Santo Xacobeo estea completamente rematado e coincidindo co lanzamento da marca Galicia*

O Consello da Xunta vén de aprobar o acordo polo que se dará inicio aos trámites necesarios para concentrar nun único organismo a xestión integral do sector turístico de Galicia. Así, tras o acordo acadado hoxe, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa realizará o estudo de integración da Secretaría Xeral de Turismo, da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.- Turgalicia; a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo; e o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia.

Esta reorganización enmárcase dentro do marco do Plan de avaliación do sector público autonómico que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia e servirá para que a Administración autonómica conte cunha única estratexia para a promoción de Galicia como destino turístico de referencia nacional e internacional. Deste xeito, en lugar de diversificar recursos económicos e capital humano entre catro departamentos, existirá un único órgano que aproveite todo o potencial da estrutura actual, como por exemplo a consolidación do acontecemento e da marca Xacobeo.

A Xunta de Galicia busca con esta medida acadar unha integración funcional de tarefas, un maior nivel de optimización dos recursos dispoñibles e unha xestión eficaz na organización do sector turístico galego, algo que se logrará ao evitar duplicidades e adecuar os obxectivos e procedementos ás necesidades turísticas actuais.

A maiores, este cambio organizativo da Administración turística galega persevera na liña de austeridade do Goberno galego, tendo en conta o actual escenario económico. De feito, suporá un maior nivel de optimización dos recursos dispoñibles, sobre todo grazas aos aforros en alugueres e noutros gastos de funcionamento.

Para a Administración autonómica, este é o mellor momento para abordar a reorganización da estrutura turística galega, despois de que o Ano Santo Xacobeo estea completamente rematado e coincidindo co lanzamento da marca Galicia. Ademais, conta con experiencia no desenvolvemento destes procesos, como se demostrou durante o desenvolvemento da primeira fase do Plan de Racionalización da Administración paralela.

Finalmente, hai que destacar a importancia que terá esta decisión para poder impulsar o sector do turismo, cunha importancia estratéxica en Galicia, xa que representa preto do 10,5 por cento do produto interior bruto (PIB) e supón o 10,3 por cento da poboación empregada.

ECONOMÍA E INDUSTRIA MOBILIZA MÁIS DE 700.000 EUROS PARA DINAMIZAR O PEQUENO E MEDIANO COMERCIO GALEGO

- *O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Javier Guerra e a Federación Galega de Comercio*
- *A consellería achega máis de 600.000 euros ao acordo co obxectivo de mellorar o nivel de competitividade no mercado interior e apoiar o seu desenvolvemento*
- *Contémpanse unha campaña de dinamización do consumo no pequeno e mediano comercio, campañas promocionais do comercio de proximidade e a formación para os comerciantes galegos na lingua inglesa*
- *Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria logra un dobre obxectivo, beneficiando a cidadanía con actuacións de promoción e o propio comercio con accións de formación e a dinamización do consumo para incrementar as vendas no actual período de crise*
- *O convenio insírese na estratexia marcada no Plan Ágora, Agora re-Comecia, unha ferramenta fundamental de dinamización do pequeno e mediano comercio galego dotada con 130 millóns de euros*

A Consellería de Economía e Industria mobilizará máis de 700.000 euros nun convenio coa Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de dinamización do pequeno e mediano comercio galego, no cal o departamento que dirixe Javier Guerra achegará case o 90% do orzamento cunha partida superior aos 600.000 euros co obxectivo de mellorar o nivel de competitividade no mercado interior e apoiar o seu desenvolvemento.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio porán en marcha unha campaña de dinamización do consumo no pequeno e mediano comercio, actualizarán e redeseñarán o portal electrónico do comercio de Galicia, activarán campañas promocionais do comercio de proximidade e axudarán a formar os comerciantes galegos na lingua inglesa para adquiriren competencias e habilidades básicas para comunicarse de xeito sinxelo no eido laboral do sector do comercio.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria logra un dobre obxectivo, beneficiando a cidadanía con actuacións de promoción e o propio comercio con accións de formación e a dinamización do consumo para incrementar as vendas no actual período de crise.

A Consellería de Economía e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Comercio, actúa, por unha banda, nas actividades dirixidas á adecuación e mellora dos equipamentos comerciais de uso colectivo, fundamentalmente mercados e rúas e zonas peonís-comerciais, nos eixes comerciais como puntos neuráxicos arredor dos

cales xira o tráfico mercantil, pero tamén en diversas actuacións dinamizadoras do pequeno comercio en centros urbanos a través das asociacións sectoriais, dinamizando actuacións de promoción e fomento daquelas estratexias no sector da distribución comercial que incidan na mellora das estruturas comerciais, modernizándoas e mellorando a súa xestión para favorecer a súa vertebración.

O convenio entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio insírese dentro da estratexia do Plan Ágora, Agora Re-Comercia, que é unha ferramenta fundamental para relanzar e apoiar o labor estratéxico do pequeno e mediano comercio galego dotada dun investimento global de case 130 millóns de euros.

Os tres obxectivos básicos do plan son acadar un comercio que reforce o seu potencial dinamizador, un comercio que vertebre e un comercio que medre a través dun esforzo colectivo. O Plan Ágora, Agora Re-Comercia permite á Xunta seguir traballando na procura da excelencia e a mellora da capacidade de crecemento do sector, incrementando a oferta comercial, mellorando a relación calidade-prezo a partir das vantaxes comparativas que ten Galicia, adaptándonos ás demandas dos turistas, mellorando a imaxe dos nosos establecementos comerciais e facendo máis promoción do comercio de Galicia.

EDUCACIÓN CONTARÁ CON MÁIS DE 300 AUXILIARES DE CONVERSA NO PLAN GALEGO DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS

- *A Consellería investirá máis de 1,7 millóns de euros para contar co apoio de máis de 300 destas persoas nativas de países de fala inglesa, francesa alemá e chinesa*
- *A maiores Galicia contará con máis de 30 auxiliares do Plan Integral de Aprendizaxe de Linguas*
- *Os auxiliares desempeñarán o seu labor nos centros plurilingües, seccións bilingües e escolas oficiais de idiomas*

O Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras, co que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a potenciar que todas as galegas e galegos adquiran competencias noutros idiomas, contará o vindeiro curso 2011/2012 co apoio de máis de 300 auxiliares de conversa.

Desta forma, no 2011/2012 o sistema educativo galego multiplicou case por 5 o número de auxiliares con que contaba ao inicio da lexislatura. Cómpre recordar que ao abeiro do Plan de Potenciación o sistema educativo galego contou no presente curso co apoio de 262 auxiliares.

Desta forma a consellería continúa a desenvolver o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, cuxo obxectivo é que na presente lexislatura 40.000 galegas e galegos se beneficien dun ensino que lles permita acadar competencias en outros idiomas.

Labor de apoio

No marco do devandito convenio, ao cal deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta, o sistema educativo galego contará o vindeiro curso con mais de 300 auxiliares de conversa, dos cales 278 serán de lingua inglesa, 13 de lingua francesa, 7 de alemán e 2 de chinés. Destas persoas, 31 desenvolverán o seu labor de apoio á aprendizaxe de outros idiomas nas escolas oficiais de idiomas, mentres que os 269 restantes o farán nos centros plurilingües e seccións bilingües. Será a consellería quen se faga cargo das bolsas para contribuír ao mantemento destas persoas, cunha achega superior aos 1,7 millóns de euros.

A figura do auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa em lingua estranxeira. Ademais, representan un aténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na

compoñente de multiculturalidade, eixo sobre o cal pivotan os currículos dos centros implicados no Plan de Potenciación da Linguas Estranxeiras.

O CONCELLO DE OURENSE CEDE AO SERGAS UNHA PARCELA PARA A AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

- *Trátase dun terreo cunha superficie de 23.277 m²*

O Concello de Ourense vén de ceder á Xunta, a título gratuito, unha parcela de 23.277 m² para a ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU). Esta cesión derívase dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello, que asinaron un acordo co fin de poder formalizar a cesión de terreos necesaria para a execución das obras contempladas no Plan Director deste centro sanitario.

O acordo reflectía a transmisión da propiedade de terreos en dúas fases: na primeira a Deputación poñía á disposición do Sergas os terreos necesarios para a execución do vieiro interno do Complexo Hospitalario e, na segunda, o Concello cedía a propiedade –libre de cargas e gravames- do terreo destinado polo planeamento a equipamento sanitario.

A necesidade destes terreos xustifícase pola programación de obras do Plan Director, que corresponde a un estudo integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel óptimo na atención sanitaria á poboación da provincia de Ourense.

A XUNTA INVISTE UNS 7,8 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE 557 PRAZAS RESIDENCIAIS PARA DEPENDENTES EN CATRO CENTROS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o financiamento destinado a manter as prazas públicas–desde setembro deste ano ata agosto de 2012- dos centros residenciais de maiores de Viana do Bolo, Laraxe, Castro Ribeiras de Lea e Quiroga***
- ***O Goberno galego dá así continuidade ás prazas públicas que se viñan ofertando nestas instalacións***
- ***No que vai de lexislatura, a Administración autonómica puxo en marcha 2.000 novas prazas de atención a persoas dependentes***

A Consellería de Traballo e Benestar investirá preto de 7,8 millóns de euros no mantemento dun total de 557 prazas residenciais de atención a dependentes entre setembro deste ano e agosto do próximo exercicio. En concreto, as prazas distribúense en catro centros situados en Viana do Bolo (Ourense), Laraxe (A Coruña), Castro Ribeiras de Lea (Lugo) e Quiroga (Lugo).

Con este financiamento, o Goberno autonómico dá continuidade ao mantemento das prazas públicas que viña ofertando nestas instalacións. Deste xeito, ofrécese atención residencial aos maiores en situación de dependencia e contribúese á implantación dun sistema de atención social especializado

O departamento autonómico destinará 1,6 millóns de euros ao mantemento das 125 prazas do centro residencial de Viana do Bolo. Pola súa banda, en Laraxe o importe ascenderá a 2,4 millóns de euros para o mantemento de 172 prazas.

Por outra parte, no caso do centro de Castro Ribeiras de Lea, o financiamento ascenderá aos 2,4 millóns de euros para o mantemento de 172 prazas. Por último, no centro residencial de Quiroga investiranse 1,4 millóns de euros para un total de 88 prazas.

Neste sentido, esta actuacións inscríbese na aposta da Xunta por poñer en marcha máis e mellores servizos de atención aos maiores dependentes. Cabe lembrar que, no que vai de lexislatura, o Goberno galego puxo en marcha 2.000 novas prazas de atención a maiores en residencias, centros de día e centros de día especializados en alzheimer.

A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA 76.000 EUROS A FOMENTAR A ESPECIALIZACIÓN ACUÍCOLA A TRAVÉS DE 4 BOLSAS DE FORMACIÓN

- *Mar destina 20.000 euros máis que o ano pasado a estas bolsas de especialización posformativa que van dirixidas a titulados nos ciclos formativos de acuicultura*
- *A Xunta quere facilitar a incorporación do alumnado á vida laboral incidindo na súa especialización mediante o modelo de empresa tutelada*

A Consellería do Mar fomenta a investigación e especialización en materia acuícola coa convocatoria de 4 bolsas de formación para alumnos titulados en ciclos formativos de acuicultura. O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de axudas que publicará a consellería nas próximas datas, e á cal destinará 76.576 euros distribuído en tres anualidades. Estas bolsas de especialización posformativa van dirixidas a titulados nos ciclos formativos de acuicultura, para a realización de prácticas de xestión e produción de cría de bivalvos e xestión e mantemento dunha planta de acuicultura.

A Xunta de Galicia considera que un dos aspectos máis relevantes nos novos enfoques da formación profesional é o tránsito á vida laboral e, dentro das iniciativas que se revelaron como máis eficaces para produciren con éxito ese acceso está o modelo de empresa tutelada. Este modelo facilita un período de práctica laboral nun ámbito de empresa ficticia, no cal se reproducen os medios e procesos de produción e xestión reais, pero na cal a titularidade é da Administración responsable do proceso de formación.

O departamento que dirixe Rosa Quintana quere incidir na especialización do alumnado para facilitarlle o acceso ao mundo laboral. De feito, con respecto ao ano pasado, auméntase o número de bolsas a 4 e a contía en 20.000 euros máis.

Poderán optar a estas bolsas todos os alumnos que remataron os ciclos formativos de acuicultura, podendo optar aqueles alumnos titulados como técnicos en operacións de cultivos acuícolas e os técnicos superiores en produción acuícola sempre que non fosen beneficiarios de axudas similares para o mesmo fin. O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 715 euros e un seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

As bolsas concederanse polo período de 2 anos. Os beneficiarios realizarán as actividades nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura na Illa de Arousa (IGAFA). O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día da publicación da orde no DOG.